

Libros para postobrigatoria



Aínda quente a tinta, vén de publicarse a esperada continuación de *Os fillos do mar*. Volve Pedro Feijoo, un autor moi valorado polos membros do Club de Lectura

Con esta novela Hector Cajaraville obtivo Premio de Narrativa Curta Ánxel Fole 2016



No IES Terra de Soneira temos Club de Lectura desde o curso 2013-2014. Está aberto ao profesorado e ao alumnado do IES Terra de Soneira. Reunímonos os luns de 3.30 e 4.30 da tarde durante o curso académico e nesas reunións falamos dos libros que estamos lendo no grupo ou pola nosa conta, vemos películas baseadas en obras literarias, consultamos webs ou blogs de autores... pero tamén facemos rutas literarias, recitais poéticos, visitamos a Feira do Libro...

Estas son as nosas recomendacións lectoras para o verán e, se te animas a unirse a nós o vindeiro curso estaremos encantados de contar contigo!!

Este verán déixate guiar polo noso Club de Lectura...



Porque...
Quen ben te quere,
farache ler.

Club de lectura Letraferit

Recomendacións de lectura feitas polos membros do Club

Equipo de Normalización
Lingüística e Biblioteca
IES Terra de Soneira
Vimianzo

Libros para o 1º ciclo da ESO



Este clásico da literatura infantil e xuvenil foi traducido ao galego por Carlos Casares, autor a quen dedicamos este ano o Día das Letras Galegas. Que mellor oportunidade para achegármonos novamente a este libro inesquecible.


RECOMENDADO POLA PROFESORA MARINA RIAL

Narrativa e poesía para o 2º ciclo da ESO



A novela gañou en 2003 o premio "Libro do Ano Withbread", en 2005 o premio ao "Mejor primeiro libro para novos lectores" e en 2004 o "Premio para Escritores da Commonwealth" como mellor primeiro libro. Agora podemos lela tamén en galego.

RECOMENDADA POLO PROFESOR JOAQUÍN GARCÍA




O último poemario de Emma Pedreira gañou o Premio López Abente na convocatoria de 2015.

RECOMENDADO POLA ALUMNA NATALIA LEMA


Con esta novela o escritor Héctor Cajaville, unha das novas voces da literatura galega, gañou o premio Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil 2015.

RECOMENDADO POLA PROFESORA M^a JESÚS BARBEIRA



Publicada en 1951, esta novela está considerada como un dos clásicos da literatura norteamericana contemporánea.

RECOMENDADA POLA PROFESORA ROCÍO RROMERO



Esta novela de recente aparición xa ten merecido o recoñecemento dos lectores galegos ao obter o 13 Premio Frei Martín Sarmiento.

RECOMENDADA POLA PROFESORA TERESA ARAÚJO

